

CRECER TODO O QUE VES EN INTERNET?



Etapa: de 12 a 15 anos.



Nivel de dificultade: medio



2 socios



Temporalización: 10 sesións



Etiquetas:

Internet, seguridade na rede, desinformación (*misinformation*) e noticias falsas.

Descrición da actividade: (4 liñas máximo)

Todos os alumnos do proxecto traballan xuntos para elaborar un cuestionario sobre o uso consciente ou pouco consciente da información que atopamos en liña. Ese cuestionario pásase despois a unha mostra representativa da comunidade educativa para unha posterior análise de resultados e publicación de conclusións.

Obxectivos: (3 máximo)

1. Analizar o comportamento da comunidade educativa sobre o uso da información na rede.
2. Reflexionar individual e colectivamente sobre dito comportamento e detectar as malas prácticas.
3. Provocar un cambio nos individuos para facer un uso seguro da rede.

Competencias clave e temas transversais:

- Comunicación lingüística
- Competencia dixital
- Competencias sociais e cívicas
- Competencia matemática
- Conciencia e expresións culturais
- Educación para os medios de comunicación

Contidos curriculares:

- Cómo crear un cuestionario
- Representación gráfica dos resultados
- Análise de resultados



Aspectos inclusivos:

Todas as fases da actividade fanse en equipo, e os estudantes axúdanse uns ós outros.

Produtos/ resultados esperados:

- Gráfico de resultados dun cuestionario en liña para expoñer en cada centro, invitando á reflexión sobre o tema tratado.
- Produtos finais (folleto, libriño, póster, cartolina, decálogo, arquivo dixital.....) con propostas de mellora que persigan loitar contra a desinformación en cada centro socio, que se presenta ó equipo directivo
- Póster con algúns consellos para compartir no taboleiro eTwinning de cada centro escolar.

Desenvolvemento da actividade

A actividade consta de varias etapas; a maioría requiren colaboración e realízanse a nivel grupo-clase internacional ou nacional.

Paso 1.- Os profesores de cada Centro participante no proxecto acordan cómo agrupar os alumnos en equipos internacionais. Preparan unha táboa cos membros de cada equipo e sóbena á páxina que crean para isto no TwinSpace.

Equipos	Alumno país 1	Alumno país 2
1	Alumno_1_1	Alumno_2_1
2	Alumno_1_2	Alumno_2_2

3	Alumno_1_3	Alumno_2_3



[Crear páxina](#) no Twinspace:

Paso 2.- os profesores abren unha páxina co nome da actividade; engaden tamén un TwinBoard e un fío de discusión no foro



imaxe 1


Paso 3.- Creación do cuestionario

- a. En cada grupo-clase, é dicir, os alumnos de cada grupo (3º ESO A, por exemplo) pensan preguntas que poidan servir para a elaboración do cuestionario; preguntas que traten de averiguar se na súa comunidade utilízase internet de maneira consciente, prestando atención á veracidade, ou de maneira pouco consciente.



imaxe 2_ proponendo preguntas para o cuestionario

- b. Un ou dous alumnos de cada grupo-clase encárganse de tomar nota e soben as preguntas ó foro ou a un documento compartido; cada país utiliza unha cor distinta.



imaxe 10

- c. Révisanse todas e entre todos escollen as 10 mellores para o cuestionario (grupo-clase internacional). Para axilizar o proceso, a selección realízase na aula: Cada grupo-clase escolle 5 de entre as propostas polos compañeiros do outro país.
- d. Finalmente os profesores elaboran e comparten o cuestionario en liña, un para cada país participante pero todos coas mesmas preguntas (grupo-clase nacional). O enlace ponse no TwinBoard, para que todos poidan acceder ó seu con facilidade.

*Obligatorio

Sex *

Male

Female

Age *

10 -20

20-35

35-50

50- 70

70plus

1.Do you think you use technology responsibly? *

Yes

No

imaxe 3- cuestionario en liña



Imaxe 4 – enlaces ós cuestionarios no TwinBoard

Paso 4.- Preguntando á comunidade


- e. Cada alumno pasa o cuestionario a un mínimo de 5 persoas da súa contorna.

Bárbara

I interview my sister, she was very happy of answers my questions.



Imaxe 5- entrevista na contorna




imaxe 6 – entrevista na Comunidade

- f. En cada Centro, o cuestionario pásase tamén a unha representación de alumnos

Paso 5.- Representación e análise de resultados

- g. En cada grupo-clase analízanse os resultados, faise unha posta en común e búscanse aspectos a mellorar. Dous alumnos encárganse de tomar nota de todo. O profesor simplemente modera a posta en común.



imaxe 7 - análise de resultados

- h. Faise unha proposta para entregar ó equipo directivo, de xeito que poida estudalo e valorar cómo pode organizarse para levalo a cabo.

Nota: Trátase dunha actividade importante non só para o proxecto senón para cada centro en particular, de xeito que cada grupo-clase pode decidir presentar a proposta de forma distinta, dependendo das características e habilidades de cada grupo. É dicir, se por exemplo é un grupo ó que lle encanta escribir a man e debuxar, poden facer un tríptico en cartolina; pero se son máis tecnolóxicos, poden gravar un vídeo. Convén ter un grao de flexibilidade que dea cabida á creatividade do grupo.



imaxe 8 – preparando proposta para Dirección

- i. Os resultados e un comentario sobre os mesmos publícanse no Twinboard, onde se poidan comparar cos do país socio.



imaxe 9 – resultados
expostos no taboleiro


Paso 6.- Proposta conxunta

- j. Os profesores crean un foro cun fío para cada equipo internacional

Nota:  Titorial: [cómo crear fíos no foro:](#)



imaxe 11 a- Foro



imaxe 11b – Foro con fío para cada equipo

- k. Por último, *cada equipo transnacional* elabora un póster con consellos para mellorar as deficiencias observadas en calquera dos países participantes. Poden utilizar Canva, Sway, Adobe Spark, ou calquera outro que coñezan e queiran usar. Utilizan o foro para comunicarse.
- l. Os posters compártense no TwinBoard pero tamén, impresos en papel, no taboleiro eTwinning do instituto.



imaxe 12- póster divulgativo

Paso 7.- Videoconferencia

Prográmase unha videoconferencia para concluír a actividade. Os profesores preparan unha ronda de preguntas que faciliten a participación e comunicación dos alumnos.

Nota: a videoconferencia prográmase no Twinspace, pero convén ter un plan B por se houberse problemas técnicos de última hora. Pódese falar cos demais socios e acordar outra plataforma (Hangouts, Google meet, Jitsi, ou similar).



Tutorial: Cómo [programar unha videoconferencia](#) no Twinspace:

Paso 8.- autoavaliación e coavaliación> Cada alumno completa a súa ficha de autoavaliación (créase un modelo que sirva para todos os membros do proxecto) e a ficha de coavaliación creada para as actividades colaborativas.

Exemplo de ficha de autoavaliación:


Actividade	Ferramenta utilizada	Data	Fíxeno ben, estou satisfeito	Fíxeno. Está pasable	Fíxeno, pero non está moi ben	Aínda non acabei	Sen facer



*Durante todo o proceso, os profesores supervisan e asesoran pero permitindo ós alumnos a liberdade de creación que a actividade requira.

Exemplos TwinSpace

No TwinBoard pódense recoller todas as partes da actividade, ben coas fotos tomadas na aula directamente, facendo un collage ou subindo os vídeos gravados durante as exposicións:



imaxe 13 – resumo da actividade no TwinBoard



imaxe 14- vídeo coa exposición na que os alumnos de cada grupo-clase fan unha comparación dos resultados obtidos en cada país membro do proxecto.



Ferramentas do TwinSpace / ferramentas 2.0 externas:



Twinspace: twinboard, materiais, foro

ferramentas 2.0 externas

- [Microsoft word](#) (office 365)
- [Google forms](#)
- [Canva](#)
- [Adobe spark](#)
- [Sway](#)